

**DECRETO NÚMERO 1044/2009 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN
MATERIA DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DICTADAS POLA
TENENTA DE ALCALDE DE ÁREA.**

Ilma. Sra. dona Sonia Méndez García, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego.

Lugo, quince de setembro de dous mil nove.

Instruído o expediente relativo a: Instruído expediente relativo a:
**CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE
ILUMINACIÓN EN DIVERSAS RÚAS DA CIDADE DURANTE O SAN
FROILÁN 2009. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL**

-

Examinado o expediente e vistos:

I.-Informe-proposta do Servizo de Contratación, de data do 14 de setembro de 2009, obrante no expediente, na parte expositiva da cal se fai consta-lo seguinte:

“Examinado o expediente de referencia e vistos:

1º.- Acordo da Xunta de Goberno Local num 21/654, na sesión celebrada o día 26 de agosto de 2009, polo que se aprobou entre outros a contratación convocada para A SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EN DIVERSAS RÚAS DA CIDADE DURANTE O SAN FROILÁN 2009, así mesmo se aprobou os pregos de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeron a súa licitación, o gasto de 27.040 € con cargo á partida 4510.22607, sendo a forma de adxudicación polo procedemento negociado; así mesmo delegouse na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego a competencia para a adxudicación provisional e definitiva do contrato de referencia.

2º.- Tramitación regulamentaria do expediente.

3º.- Informe do Negociado do Rexistro, do día 8 de setembro de 2009, no que se pon de manifesto que a devandita licitación presentáronse as seguintes plicas:

- CREACIONES LUMINOSAS

- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L

4º.- Acta da Comisión de Festas do día 10 de setembro, , na que se recolle que os membros da Comisión consideran correcta a documentación administrativa das licitadoras procedendo a continuación á apertura das ofertas económicas, acordando por unanimidade propoñer a adxudicación do contrato á mercantil ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L nas condicións incluídas na súa proposición, tendo en conta o feito de que CREACIONES LUMINOSAS non presenta dossier fotográfico para poder valorar as características técnicas e estéticas e o feito de que non se presenten melloras significativas.”

II.- Informe da Intervención municipal de data do 14 de setembro de 2009, no que se pon de manifesto a conformidade da fiscalización da proposta de adxudicación provisioanl.

No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, e en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local núm 21/654 en sesión celebrada o día 26 de agosto de dos mil nove, no que se aprobou a delegar a favor da Tenenta de Alcalde titular da Área de Economía e Emprego a competencia para a adxudicación provisional e definitiva do contrato de referencia, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Adxudicar provisionalmente o procedemento negociado convocado para “**CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EN DIVERSAS RÚAS DA CIDADE DURANTE O SAN FROILÁN 2009**”, á mercantil ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L (CIF: B-15.279.359), por un importe total de 25.040 €, IVE INCLUIDO e o resto das condicións incluídas na súa proposición.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ós licitadores así como publicar o correspondente anuncio da adxudicación provisional deste contrato no BOP e no perfil do contratante do Concello de Lugo.

TERCEIRO.- Requerirle o adxudicatario provisional para que nun prazo máximo de 15 días hábiles contados dende o seguinte a aquél no que se publique o anuncio da adxudicación provisional no BOP proceda a constituír unha fianza definitiva por un importe de 1079,31 €.

CONTRATACIÓN E ASUNTOS XERAIS

MLA/rdi

Ref^o. ILUMINACIÓN ORNAMENTAL SAN FROILAN 2009

Asunto: adxudicación provisional

CUARTO.- Nomear coordinador para o seguimento do contrato ó responsable da sección de Cultura.

Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.
- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer-se o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cúmprase